

# **BONOS DIXITAIS PARA A CONECTIVIDADE DE COLECTIVOS VULNERABLES ( AP400A)**

## **AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA**

### **Concepto**

1. O bono dixital contribuirá a financiar a **contratación de novos servizos de conexión a banda larga ou o incremento da velocidade dos xa contratados** desde unha localización fixa e irá destinado a persoas físicas de unidades familiares que fosen identificadas como vulnerables.
2. O bono dixital permitiralle ao solicitante unha **minoración mensual de ata 20 euros na factura emitida pola entidade** colaboradora elixida **durante un período de ata 12 meses, chegando a acadar como máximo os 240 euros.**
3. O recoñecemento do dereito a recibir o bono dixital a unha unidade familiar e a contía do dito bono é independente do número de membros integrantes dela.

### **Persoas beneficiarias**

1. Persoas que xa sexan beneficiarias das prestacións públicas da RISGA da Xunta de Galicia ou do IMV do Goberno de España.
2. Calquera outra persoa física maior de idade con ausencia ou déficit grave de recursos económicos ou que se atope en situación ou risco de exclusión social. Considerarase ausencia ou déficit grave de recursos económicos cando na unidade familiar o nivel de renda sexa igual ou inferior a:
  1. 1,25 veces PREM (8.685,30 € ) se non existe unidade familiar ou non hai menores nesta.
  2. 1,75 veces o IPREM ( 12.159,42 € ) se hai menores na unidade familiar.
3. Estar empadroado/a e ter residencia en calquera dos concellos da Comunidade Autónoma de Galicia.

Só se poderá conceder un bono dixital por persoa física e por unidade familiar.

## **Solicitudes**

As persoas interesadas poderán presentar as solicitudes, preferiblemente por vía electrónica, a través do formulario normalizado, [anexo II. dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia. https://sede.xunta.gal](https://sede.xunta.gal)

Opcionalmente, poderanse presentar as solicitudes tamén presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Recoméndase a presentación de solicitudes a través dun autorizado/a como pode ser o/a traballador/a social do seu concello.

## **Prazo**

O prazo rematará o 16 de decembro de 2022.

## **Máis información**

Servizos sociais comunitarios do Concello de Touro

Teléfono: 981504000/29. Extensión: 1

[Resolución do 28 de xullo de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, así como a inscrición de entidades colaboradoras que participarán na súa xestión, do Programa de emisión de bonos dixitais para colectivos vulnerables \(Programa UNICO-Bono social\), enmarcado no investimento C15.I3 do compoñente 15 do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, e se convocan para o período 2022-2023. \(DOG nº 155 do 17/08/2022\)](#)

[Resolución do 15 de novembro de 2022 pola que se fai pública a relación de entidades colaboradoras que participarán na xestión de subvencións do programa de emisión de bonos dixitais para colectivos vulnerables \(Programa UNICO-Bono social\) \(DOG nº 223 do 23/12/2022\)](#)